

Hoxe, 15 de xullo de 2010, 125 anos despois, conmemoramos o pasamento da nosa poeta nacional Rosalía de Castro.

Traemos ao presente da nosa memoria non só unha personalidade altísima das nosas letras, senón a muller que alargou até o infinito o campo da literatura e da cultura galegas e, con el, as aspiracións a un outro papel histórico para a súa lingua e a súa patria, Galiza.

É por iso que os nosos pés iniciarán hoxe, aquí, neste humilde e íntimo cemiterio da Adina, na honra de Rosalía de Castro, da autora dunha obra plenamente viva e actual, esta marcha cívica e reivindicativa que o movemento asociativo, cultural e social, que a cidadanía no seu conxunto, apoiou incondicionalmente e con cálida afouteza desde a primeira chamada da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Comezamos, pois, neste cemiterio da Adina, que primeiramente acolleu o corpo da nosa escritora, autora de poemas que palpitan nas nosas veas como íntimos rielos e percorren o corpo colectivo da nación toda.

Na súa honra facemos a reprodución traída ao present, daquel cortexo fúnebre que o 25 de maio de 1891 recoñeceu publicamente e sen prexuízos a valía humana e a excelsa calidade literaria de quen asumiu para si, por vontade propia, a voz do pobo, aquel que guiou o seu pensamento e escrita literaria, para continuarmos, como naquel entón, no tren que hoxe puxemos o nome de *Follas Novas*, que partindo da estación da Matanza fará o mesmo percorrido de entón para chegarmos até a estación de Santiago de Compostela, onde en cortexo cívico e reivindicativo, coa cidadanía que alí está a agardar por nós para percorrer o mesmo traxecto e coas mesmas paradas e a lectura dos mesmos textos que a ela lle foron lidos, até chegarmos ao Panteón de Galegos Ilustres, espazo físico de alto valor simbólico identitario, en tanto que depositario e acubillador dalgúns dos nosos maiores valores nacionais que, se entraron noutrora nese edificio municipal, foi por firme vontade do pobo galego.

A mesma vontade coa que hoxe o reivindicamos como lugar laico e accesíbel aos galegos e galegas que queiran honrar a unha das personalidades fundadoras da nosa nación.

Aquel 25 de maio de 1891 no que tivo lugar a translación dos restos mortais de Rosalía de Castro dende este cemiterio de Adina a San Domingos de Bonaval, foi por iniciativa do Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, de Santiago.

Esta translación formou parte dun empeño por honrar e homenaxear a figura dunha muller, e a súa obra fundacional, que representaba e representa o esforzo de Galiza por sermos un pobo libre.

A morte e o enterro de Rosalía de Castro o 15 de xullo de 1885, hoxe hai cento vinte e cinco anos, aconteceron nunhas circunstancias de marxinación, pobreza e indiferenza social, que hoxe nos mancan e acenden as nosas consciencias.

O enterro de Rosalía de Castro -dinos o Profesor Francisco Rodríguez- é a crónica dun silenciamento, a constatación dun desprezo, o castigo social *post-mortem*. Así comeza a crónica daqueles amargues días, como o comezo d'A Historia dunha asimilación destrutiva da nosa poeta. E lévanos ás palabras doridas de Rodríguez Seoane, escritas un día despois do

enterro, o 16 de xullo de 1885, que nos sobrecolle e sitúan na desolada realidade para a nosa poeta naquel entón, e que traduzo ao galego e que din:

*O seu enterro cremos que non teña sido máis que a soidade que para moitos precede á tumba. Que doloroso é patria miña, o camiño que aínda despois de mortos teñen que percorrer teus fillos ilustres.*

A súa humilde tumba na terra deste cemiterio, non tiña nin lápida nin cruz a un mes da súa inhumación.

Así foi acollida na terra que ela amaba, sen nome.

Ela que iluminou para nós os días desta patria, con palabras que din os nomes da nosa terra, vivas, mancadadas, vivas, ledas, vivas, rexas, nosas.

A translación en 1891 intentou ser un xeito de compensación que servise, ademais, para o nacionalismo e galeguismo cultural e ideolóxico reivindicaren o espírito e a mensaxe de redención da patria galega que Rosalía simbolizaba, nunha manifestación de afirmación nacional que os galegos conscientes quixeron facer coa translación dos restos rosalianos a un mausoleo, laico e público, como o da Igrexa desamortizada de San Domingos de Bonaval.

A súa imensa obra literaria sen o contexto histórico de entón sería pouco explicábel. Mais é a súa obra hoxe a que segue a nos explicar como pobo no contexto histórico actual, ao seguir a padecer a nosa nación males humanos e sociais comúns a aquel tempo e aínda hoxe sen resolver e quizais agudizados.

O trato dado á nosa poeta nacional polos que nos negaban como pobo e a reivindicación de Rosalía fronte a eles, polos sectores sociais conscientes do nacionalismo, galeguismo ou do provincialismo, explican a súa loita por sacar a nosa nación da marxinalidade política, social e cultural, comezando por que o seu símbolo máis prezado non caese no esquecemento e na marxinalidade tamén.

Esa é a nosa reivindicación de hoxe, a de afirmarmos os nosos dereitos nacionais na figura e na obra da nosa poeta e na de reivindicarmos na súa figura a redención da patria galega que Rosalía de Castro simboliza.

Todo pobo que quixo construír un futuro de liberdade, no que fose capaz de escribir a historia da propia mao, no que fose dono do seu destino, dende sempre elixiu aquelas persoas que acrisolaron os valores esenciais de seu como símbolo e referente colectivo, homes e mulleres que, como Rosalía de Castro, xunguiron o seu destino ao destino do pobo ao que pertencían e ao que entregaron a súa vida e a súa obra filla da súa fértil e altísima capacidade creadora.

Honramos hoxe a nosa poeta nacional co cortexo cívico e reivindicativo que aquí comeza para así honrarmos tamén a patria galega.